

PRÁCTICA DO DEPORTE FEDERADO DE ÁMBITO ESTATAL MODALIDADE DE ORIENTACIÓN | ESPECIALIDADE DE RAID DE AVENTURA

D. JORGE PIÑEIRO PORTELA, con DNI ***1453**, en calidade de Director Técnico da Federación Galega de Orientación (FEGADO), en base ó contido da **Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego** publicada pola Secretaría Xeral para o Deporte de data 27 de xaneiro de 2021 e aos protocolos estatais de aplicación á práctica do deporte federado de ámbito estatal,

INFORMA

- 1) **Adestramentos.** Os adestramentos relacionados con competicións deportivas federadas de nivel nacional desenvolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.
- 2) **Protocolos estatais de aplicación.** O protocolo de referencia no caso do Deporte de Orientación é o *Protocolo de actuación para la vuelta de competiciones oficiales de ámbito estatal y carácter no profesional*, aprobado polo Consejo Superior de Deportes, así como o *Protocolo de refuerzo de la Federación Española de Orientación (FEDO)*, validado polo CSD o 25 de setembro de 2020.
- 3) **Uso voluntario da máscara.** O protocolo do Consejo Superior de Deportes (ámbito estatal) establece que o uso da máscara por parte dos deportistas durante os adestramentos e competicións é voluntaria. **Excepcións.** Non aplica a excepción de que en momentos puntuais e ante situacións excepcionais da pandemia as autoridades autonómicas, se así o estiman pertinente, poidan exixir a utilización permanente das máscaras durante os adestramentos (apartado 7 do Protocolo CSD, páxina nº 8) posto que a Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego restrinxe a obriga do uso da máscara unicamente á práctica da actividade física ou deportiva non federada ou federada de ámbito autonómico (apartado 2 da Guía simplificada, páxina nº 1).
- 4) **Que di o Protocolo de refuerzo de la Federación Española de Orientación?** Non é obrigatorio o uso da máscara durante a carreira (apartado 5.1 do Protocolo FEDO, páxina nº 21), pero é importante empregala ata o momento da saída e dende o momento da chegada (apartado 5.4 do Protocolo FEDO, páxina nº 24).

Os equipos han de manter unha distancia de seguridade entre compoñentes nos tramos a pé de ao menos dous (2) metros e tratar, na medida do posible, de ir distanciados e á mesma altura. A distancia no caso dos tramos de bicicleta ha de aumentar ata a marcada polas autoridades sanitarias de aproximadamente cinco (5) metros (apartado 5.4 do Protocolo FEDO, páxina nº 24).

E para que así conste, aos efectos oportunos expido e asino a presente certificación en Lugo a 4 de febreiro de 2021.